

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL
LABORAL TEMPORAL DA
EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S. A. (SEAGA)**

I. Obxecto da convocatoria

É obxecto desta convocatoria a selección de persoal laboral temporal da empresa pública SEAGA, nas modalidades de obra ou servizo determinado, para a realización dos traballos previstos na encomenda de xestión para a posta en marcha de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais no ano 2007, nos seguintes postos de traballo:

- 36 Técnicos de prevención e defensa forestal.
- 8 Técnicos de Apoio.
- 9 Técnicos de Brigadas Especiais de prevención e defensa forestal.
- 19 Xefes de Brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal.
- 23 Peóns - condutores de Brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal.
- 123 Peóns de Brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal.
- 19 Emisoristas de prevención e defensa forestal.
- 111 Xefes de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.
- 171 Peóns - condutores de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.
- 333 Peóns de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.
- 4 Administrativos.

O antedito persoal desempeñara as súas funcións conforme a seguinte distribución:

- Técnicos de prevención e defensa forestal: 10 Técnicos en servizos Centrais en Santiago de Compostela, 1 Técnico por Distrito Forestal e 2 Técnicos por capital das provincias galegas de A Coruña, Lugo e Ourense e 1 Técnico na capital da provincia de Pontevedra.
- Técnicos de Apoio. 2 por cada unha das provincias Galegas. Con base na súa capital
- Técnicos de Brigadas Especiais de prevención e defensa forestal. 3 por cada unha das bases situadas nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra
- Xefes de Brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal. 3 na base situada na Provincia de A Coruña, 4 nas bases situadas na provincia de Lugo, 7 nas bases situadas na provincia de Ourense e 5 nas bases situadas na provincia de Pontevedra

- Peóns - condutores de Brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal. 3 na base situada na provincia de A Coruña, 4 nas bases situadas na provincia de Lugo, 11 nas bases situadas na provincia de Ourense e 5 nas bases situadas na provincia de Pontevedra
- Peóns de Brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal. 27 na base situada na provincia de A Coruña, 12 nas bases situadas na provincia de Lugo, 51 nas bases situadas na provincia de Ourense e 33 nas bases situadas na provincia de Pontevedra.
- Emisoristas de prevención e defensa forestal. 3 na base situada na provincia de A Coruña, 4 nas bases situadas na provincia de Lugo, 7 nas bases situadas na provincia de Ourense e 5 nas bases situadas na provincia de Pontevedra.
- Xefes de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais: 31 distribuídos nos distritos da provincia de A Coruña, 23 distribuídos nos distritos da provincia de Lugo, 31 distribuídos nos distritos da provincia de Ourense e 26 nos distritos da provincia de Pontevedra.
- Peóns - condutores de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais: 49 distribuídos nos distritos da provincia de A Coruña, 34 distribuídos nos distritos da provincia de Lugo, 48 distribuídos nos distritos da provincia de Ourense e 40 nos distritos da provincia de Pontevedra.
- Peóns de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais: 93 distribuídos nos distritos da provincia de A Coruña, 69 distribuídos nos distritos da provincia de Lugo, 93 distribuídos nos distritos da provincia de Ourense e 78 nos distritos da provincia de Pontevedra.
- Administrativos; 4 na sede da empresa en Santiago de Compostela

II. Requisitos dos candidatos

1. Os/As aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais, referidos á data na que conclúa o prazo de presentación de solicitudes de participación:

a) seren cidadáns españois ou de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou daqueles outros aos que, en virtude de tratados internacionais convidos coa citada Unión e ratificados por España, se lles aplique a libre circulación de traballadores/as.

b) Seren maiores de idade e estar no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o

prevexa o correspondente tratado, e o dos nacionais dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os/as que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite para residir e para poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os/as que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

c) Non sufriren enfermidade ou eiva física e/ou psíquica que lles impida o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

d) Que non fosen arredados do servizo en ningunha Administración pública por mor de expediente disciplinario, nin estean inhabilitados para o exercicio de funcións públicas.

2. Amais, para participar no proceso de selección de cada un dos postos de traballo convocados é preciso reunir os seguintes requisitos específicos de titulación:

a) **Técnicos de prevención e defensa forestal e Técnicos de Brigadas Especiais:** Enxeñaría de montes ou enxeñaría técnico forestal e carné de conducir B.

b) **Técnicos de Apoio:** Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos e carné de conducir B.

c) **Xefes de Brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal:** Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos ou técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente e carné de conducir B.

d) **Peóns - condutores de brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal:** Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar ou equivalente e carné de conducir B.

e) **Peóns de brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal:** Certificado de escolaridade ou equivalente.

f) **Emisoristas de prevención e defensa forestal:** Educación Secundaria Obrigatoria, graduado escolar ou equivalente.

g) **Xefes de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais:** Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos ou técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente e carné de conducir B.

h) **Peóns - condutores de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais:** Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado Escolar ou equivalente e carné de conducir B.

i) **Peóns de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais:** Certificado de escolaridade ou equivalente.

l) **Administrativos:** FP II, Técnico especialista Administrativo ou equivalente

3. Con independencia dos requisitos relacionados anteriormente, esíxese para todos os postos de traballo o dominio oral e escrito do idioma galego a nivel de perfeccionamento, que se acreditará, no seu caso, na entrevista persoal, sen prexuízo de que os aspirantes poidan aportar os títulos ou documentos pertinentes para o efecto.

III. Prazo, lugar e forma de presentación das solicitudes de participación

1. As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude de participación no prazo de 10 días hábiles desde a publicación do presente anuncio nun dos xornais de maior difusión de Galiza.

2. A solicitude dirixirase ao Sr. Presidente do Consello de Administración de Seaga e presentarase na sede da empresa situada en Santiago de Compostela, San Lázaro, s/n (edificio da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, CP 15703), ben de xeito presencial ou ben por correo certificado acreditando o envío antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. Nela expresarán a praza, ou prazas, á que se presentan e manifestarán expresamente que reúnen os requisitos esixidos para cada unha delas pola convocatoria.

3. Coa solicitude achegarán a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do documento de identidade, tarxeta de residencia ou documento equivalente.
- b) Fotocopia do título académico e da formación esixidos.
- c) Certificado médico que acredite o requisito ao que se refire o apartado II.1.c) anterior.
- d) Declaración xurada referente ao requisito do apartado II.1.d) anterior.
- e) Os documentos que demostren os méritos alegados e aos que se refire o baremo que máis abaixo se menciona. A experiencia profesional poderá acreditarse ben por medio de certificado da Administración do tempo traballado nas categorías equivalentes ou ben por medio de certificado de vida laboral expedido pola Tesourería xeral da Seguridade social xunto coa copia autenticada dos contratos de traballo.
- f) Aqueloutros que os candidatos xulguen oportunos.

IV. Listas de admitidos ao proceso de selección

Concluído o período de presentación de solicitudes, o Presidente do Tribunal aprobará no prazo de cinco días as listas de admitidos e excluídos que se publicará inmediatamente no taboleiro de edictos da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais en San Lázaro, s/n 15703 – Santiago e na páxina web <http://www.epseaga.com>. As persoas interesadas poderán presentar no prazo de dous días hábiles as reclamacións que xulguen oportunas que, se é o caso, se resolverán e publicarán na mesma forma. De non habelas, as listas enténdense aprobadas definitivamente.

V. Proceso de selección

1. Para os postos de **Técnicos de prevención e defensa forestal, Técnicos de Brigadas Especiais, Técnicos de Apoio e Xefes de Brigadas Especiais e Helitransportadas e Xefes de Brigadas de prevención e defensa forestal**, o proceso de selección dos/as candidatos/as realizarase en tres fases:

- a) concurso de méritos; b) proba físico - práctica e c) entrevista persoal.
- a) Baremo de méritos. Avaliaranse os seguintes méritos:

- Cursos de formación de 20 ou máis horas de duración, impartidos polas Escolas de Formación Agroforestal da Consellaría do Medio Rural e outras administracións ou entidades oficiais relacionados coas funcións do posto de traballo ao que se opta, ata un máximo de 2,00 puntos.

- Experiencia profesional en postos de traballo semellantes aos convocados, ata 3,00 puntos, que se computará por cada mes completo de servizos:

- Na Administración Galega: 0,25 puntos.
- En empresas públicas: 0,15 puntos.
- En empresas privadas do sector forestal: 0,10 puntos.

b) Proba físico – práctica:

Terá carácter eliminatorio e consistirá en subir e baixar un banco de 40 cm. De altura para os homes e 33 cm. De altura para as mulleres, a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces por minuto) durante un período de 5 minutos, sendo necesario para ser considerado como apto obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación dos resultados da idade, peso e pulsacións segundo táboas propias desta proba de:

- 38 puntos para os Técnicos de prevención e defensa forestal, Técnicos de Apoio e Xefes de Brigadas de prevención e defensa forestal.
- 42 puntos para os Xefes de Brigadas Especiais e Helitransportadas.
- 42 puntos para os Técnicos de Brigadas Especiais.

c) Entrevista.

O tribunal convocará aos/ás candidatos/as que superen a proba físico - práctica á realización dunha entrevista persoal que versará sobre aspectos do seu currículo académico e profesional, coñecemento e experiencia, dispoñibilidade e aptitude do aspirante en relación coas funcións do posto de traballo, e coñecemento do idioma galego. A duración máxima da entrevista será de vinte minutos. O seu resultado puntuarase ata 2,00 puntos.

d) Alén das probas anteriores, e no caso de que sexa preciso dirimir empates, o tribunal resérvase a facultade de convocar aos/ás candidatos/as nas fases anteriores para a realización dun exercicio práctico de carácter escrito, dunha duración máxima de dúas horas, no que se valorará a correcta aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dunha cuestión práctica relacionada coas tarefas do posto de traballo. O seu resultado puntuarase ata un máximo de 3,00 puntos.

2. Para os postos de **Peóns – condutores de brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal, Peóns-condutores de brigadas de prevención e defensa forestal**, o proceso de selección dos candidatos realizarase en dúas fases:

a) concurso de méritos; b) proba físico - práctica.

a) Baremo de méritos. Avaliaranse os seguintes méritos:

- Cursos de formación de 20 ou máis horas de duración, impartidos polas Escolas de Formación Agroforestal da Consellaría do Medio Rural e outras administracións ou entidades oficiais relacionados coas funcións do posto de traballo ao que se opta, ata un máximo de 2,00 puntos.

- Formación académica regrada de carácter profesional adicional á titulación esixida, ate un máximo de 2 puntos:

a. Por cada titulación profesional de grao medio ou superior da rama forestal: 2 puntos.

b. Por cada titulación profesional de grao medio ou superior da rama agraria distinta da forestal: 1 punto.

- Experiencia profesional ata 3,00 puntos, que se computará por cada mes completo de servizos:

a. En postos de traballo semellantes aos convocados:

- Na Administración Galega: 0,25 puntos.

- En empresas públicas: 0,20 puntos.

- En empresas privadas do sector forestal: 0,15 puntos.

b. Noutros postos de traballo:

- En empresas privadas do sector forestal: 0,10 puntos.

- Como traballador/a por conta allea ou propia afiliado ao réxime especial agrario da Seguridade Social: 0,10 puntos

b) Proba físico – práctica:

Terá carácter eliminatorio e consistirá en subir e baixar un banco de 40 cm. De altura para os homes e 33 cm. De altura para as mulleres, a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces por minuto) durante un período de 5 minutos, sendo necesario para ser considerado como apto obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación dos resultados da idade, peso e pulsacións segundo táboas propias desta proba de:

- 42 puntos para os Peóns – condutores de brigadas Especiais e Helitransportadas de prevención e defensa forestal.

- 38 puntos para os Peóns – condutores de brigadas de prevención e defensa forestal.

c) Alén das probas anteriores, e no caso de que sexa preciso dirimir empates, o tribunal resérvase a facultade de convocar aos/ás candidatos/as con maior puntuación nas fases anteriores para a realización dun exercicio práctico de carácter escrito, dunha duración máxima de dúas horas, no que se valorará a correcta aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dunha cuestión práctica relacionada coas tarefas do posto de traballo. O seu resultado puntuarase ata un máximo de 3,00 puntos.

3. Para os postos de Peóns de brigadas especiais e helitransportadas **de prevención e defensa contra incendios forestais e peóns de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais**, o proceso de selección dos candidatos realizarase en dúas fases:

a) concurso de méritos; b) proba físico - práctica.

a) Baremo de méritos. Avaliaranse os seguintes méritos:

- Cursos de formación de 20 ou máis horas de duración, impartidos polas Escolas de Formación Agroforestal da Consellaría do Medio Rural e outras administracións ou entidades oficiais relacionados coas funcións do posto de traballo ao que se opta, ata un máximo de 2,00 puntos.

- Experiencia profesional ata 3,00 puntos, que se computará por cada mes completo de servizos:

a. En postos de traballo semellantes aos convocados:

- Na Administración Galega: 0,25 puntos.
- En empresas públicas: 0,20 puntos.
- En empresas privadas do sector forestal: 0,15 puntos.

b. Noutros postos de traballo:

- En empresas privadas do sector forestal: 0,10 puntos.
- Como traballador por conta allea ou propia afiliado ao réxime especial agrario da Seguridade Social: 0,10 puntos

b) Proba física-práctica, que consistirá en subir e baixar un banco de 40 cm. De altura para os homes e 33 cm. De altura para as mulleres, a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces por minuto) durante un período de 5 minutos, sendo necesario para ser considerado como apto obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación dos resultados da idade, peso e pulsacións segundo táboas propias desta proba:

- 42 puntos para os peóns de brigadas especiais e helitransportadas de prevención e defensa forestal.
- 38 puntos para os peóns de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.

4. Para os postos de **administrativos e emisoristas de prevención e defensa forestal**, o proceso de selección dos candidatos realizarase en dúas fases:

a) concurso de méritos; e b) entrevista persoal.

a) Baremo de méritos. Avaliaranse os seguintes méritos:

- Cursos de formación e perfeccionamento impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas relacionados coas funcións do posto de traballo, ata un máximo de 2,00 puntos.
- Experiencia profesional en postos de traballo semellantes ao convocado, ata un máximo de 3,00 puntos, que se computará por cada mes completo de servizos:
 - Nas Administracións Públicas: 0,25 puntos.
 - En empresas públicas: 0,15 puntos.
 - En empresas privadas: 0,10 puntos.

b) Entrevista.

O tribunal convocará aos/ás candidatos/as á realización dunha entrevista persoal que versará sobre aspectos do seu currículo académico e profesional, coñecemento e experiencia, dispoñibilidade e aptitude do aspirante en relación coas funcións do posto de traballo, e coñecemento do idioma galego. A duración máxima da entrevista será de vinte minutos. O seu resultado puntuarase ata 2,00 puntos.

O tribunal, e no caso de que sexa preciso dirimir empates, resérvase a facultade de convocar aos/ás candidatos/as con maior puntuación nas fases anteriores para a realización dun exercicio práctico de carácter escrito, dunha duración máxima de dúas horas, no que se valorará a correcta aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dunha cuestión práctica relacionada coas tarefas do posto de traballo. O seu resultado puntuarase ata un máximo de 3,00 puntos.

5. No caso de que un mesmo aspirante solicite a súa participación para varios postos nos que estea previsto a realización dunha proba físico-práctica, realizarase a mesma por unha soa vez e o seu resultado será aplicábel aos distintos procesos de selección.

VI. Proposta de nomeamento

Concluídos os procesos de selección o tribunal ordenará os/as candidatos por orde de puntuación e proporalle á Seaga a contratación dos que máis puntuación obtiveron, que realizará os chamamentos para cubrir os postos que ofertados segundo a orde de puntuación. Cos/as restantes candidatos, elaborárase unha lista de reserva para futuras contratacións temporais de SEAGA nas correspondentes categorías e por unha vixencia temporal de 12 meses.

VII. O tribunal de selección

1. Estará composto do seguinte xeito:

-Presidente: Director-Xerente da Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos,S.A. ou persoa en quen delegue.

-Vogais: dous funcionarios/as ou traballadores/as ao servizo da Administración Autonómica no ámbito da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e máis un/unha representante do Comité Intercentros do persoal laboral da Xunta de Galicia.

-Secretario: un funcionario/a da Administración Xeral da Xunta de Galicia designado polo Presidente, con voz pero sen voto.

2. A resolución pola que se nomeen os membros do Tribunal conterà tamén os correspondentes suplentes e publicarase no taboleiro de editos da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, na páxina web <http://www.epseaga.com>, con dous días de antelación á data de valoración de méritos.

3. O tribunal poderá acordar a designación de persoal colaborador para a realización de tarefas de carácter técnico ou administrativo, a fin de axilizar o proceso de selección.

VIII. Publicidade

Estes procesos selectivos convocaranse por medio de anuncio nun dos xornais de máis circulación de Galiza. Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de editos da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais en Santiago e na páxina web <http://www.epseaga.com>.